

# «Estes premios son a celebración dunha memoria colectiva que forma parte da nosa identidade como clase traballadora»

A secretaria xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, Amelia Pérez, expón nesta entrevista a importancia de darlles continuidade aos Premios 10 de Marzo e explica como foron evolucionado nestas tres décadas e media, coa maior presenza de mulleres e de persoas da sociedade civil.

— Antes de entrarmos en materia, unha pregunta directa: por que un sindicato concede premios? Non é máis habitual que os reciba?

É certo, adoitamos estar do outro lado, no do recoñecemento ou no de recibir críticas. Pero os Premios 10 de Marzo naceron precisamente para romper con esa idea preconcebida. Entendemos que a entrega é unha ferramenta de loita. Uns premios que non só recoñecen traxectorias e compromisos de vida, senón tamén a celebración dunha memoria colectiva que forma parte da nosa identidade como clase traballadora.

— Fálame dese 1992. Por que ese ano concreto? O 10 de marzo de 1972 foi en Ferrol, pero os premios chegan vinte anos despois.

O Sindicato Nacional de CCOO Galicia consolidou a súa estrutura propia na Asemblea de 1978, supoño que nos primeiros anos as prioridades foron outras. O que si tiñan claro os nosos veteranos e veteranas do sindicato, naquel ano, era que precisabamos institucionalizar a memoria. Os protagonistas dos feitos de Ferrol —ademais de Amador Rey e Daniel Niebla, os detidos e os torturados— comezaban a envellecer. O franquismo intentara silenciar aquilo. Nós queriamos que o nome deles perdurase non como vítimas, senón como substrato para futuras xeracións.



— A Fundación 10 de Marzo colabora nestes premios. Que relación ten co sindicato? Non é habitual que un sindicato teña fundación de seu.

A Fundación naceu precisamente para separar e dar entidade propia ao traballo de recuperación da memoria colectiva. CCOO financia e apoia, pero a Fundación ten autonomía para preservar o arquivo, organizar exposicións, editar libros... É o noso compromiso coa memoria histórica máis alá das siglas. Sen ela, moitos documentos da historia deste país estarían hoxe no lixo. Temos correspondencia clandestina, fotografías de reunións ilegais, testemuños en vídeo de xente que xa non está, etc.

— Falando de xente que xa non está: Suso Díaz, premiado en 2010, finou o ano pasado. Como avalía o legado dun home que foi o propio artífice destes galardóns?

Recollendo o guante de dúas das súas principais

## Entrevista a Amelia Pérez

características: humildade e gratitude. Suso foi quen nos ensinou que o sindicalismo non é só convenios e salarios. É construción cidadá. El, que estivo no cuartel da Policía Armada o 10 de marzo de 1972, soubo transmitir que aquela xeración non loitaba só por mellores soldos, senón por democracia. Cando premiamos a Suso en 2010, estabamos a recoñecer a nosa propia orixe.

— **Coincidindo cos teus mandatos vemos máis mulleres premiadas: Josefa Piñón Seoane, Almudena Grandes, Mulleres do 72, María Dolores Fernández Galiño, Ana Pardo de Vera, Ánxela Loureiro e Pilar Tellado. É unha aposta consciente ou unha evolución natural?**

É unha corrección necesaria. Durante décadas, o relato sindical foi masculino, a pesar de que as mulleres estiveron sempre na primeira liña. A edición de 2025, con tres mulleres galardoadas, non foi casualidade. Foi a primeira vez en 34 anos.

— **Ana Pardo de Vera dixo no seu discurso: «Se o xornalismo non é feminista, non é xornalismo». É aplicable ao sindicalismo ou é arriscado mesturar ambos os ámbitos?**

O sindicalismo sempre foi activismo. CCOO naceu na clandestinidade, foi ilegal durante o franquismo. Non somos unha ONG neutral. Defendemos intereses concretos: os da clase traballadora. E iso implica tomar postura. Ana, desde *Público*, demostrou que informar sobre desigualdades salariais ou violencia machista non é activismo, é precisamente cumprir co deber de informar. Nós premiámola por iso.

— **José Antonio Uris, premiado en 2024, foi fundador de Érguete, a asociación contra as drogas. Por que CCOO o pon en valor?**

Nos anos 80, a heroína arrasou as nosas comarcas, especialmente no rural. A mocidade non tiña futuro laboral, non había alternativas. Uris, dende CCOO, entendeu que o sindicalismo tiña que ocuparse da vida das persoas máis alá da fábrica. A loita contra as

drogas era tamén loita por condicións de vida dignas. Hoxe segue sendo así: un contrato precario é tamén unha porta á exclusión.

— **A edición de 2026 inclúe a Samuel Kwesi Koufie, supervivente do Villa de Pitanxo. Non é estraño premiar a alguén por sobrevivir a unha traxedia?**

Premiamos a súa dignidade. Koufie non é só un supervivente. É un home que, desde Galicia, denunciou a explotación no sector pesqueiro, a falta de controis, a indiferenza das administracións. O seu testemuño forzou un debate que levamos anos reclamando. Os mortos do *Pitanxo* non poden falar; el fala por eles. Iso é o que facían os nosos compañeiros en 1972: dar voz aos que non a tiñan.

«Os mortos do *Pitanxo* non poden falar, Samuel fala por eles. Iso é o que facían os nosos compañeiros en 1972»

— **Josefa Martínez Barreiro, das Comisións Mariñeiras, foi premiada en 2017. Por que tarda tanto en recoñecerse o traballo das mulleres do mar?**

Porque o relato do sector pesqueiro sempre foi masculino: os barcos, os portos, as lonxas. Pero quen descascaba o berberecho, quen traballaba nas bateas, eran mulleres. Josefa organizounas cando nin sequera eran consideradas traballadoras. Conseguiu que o sindicalismo as visibilizase. Aínda hoxe, moitas non cotizan, non teñen pensión. O seu premio foi tamén unha denuncia.

— **Comparando as primeiras edicións coas actuais: cambiou o perfil das persoas premiadas?**

Evolucionou. Nos 90, premiabamos sobre todo a históricos do sindicalismo, xente que construíra

## Entrevista a Amelia Pérez

CCOO na clandestinidade. Hoxe, mantemos esa liña —a memoria non se negocia— pero ampliamos: periodistas que defenden a verdade, xuízas que aplican a xustiza social, activistas da memoria histórica... O mundo cambiou e os premios tamén. Pero o núcleo é o mesmo: o compromiso coa solidariedade, a loita pola igualdade e a xustiza social.

— **Hai críticas que din que CCOO usa estes premios para lavar a súa imaxe, para parecer máis próximo á sociedade.**

O sindicalismo non necesita lavado de imaxe. Como xa dixen ao inicio desta entrevista, os premios fundáronse para recuperar memoria e construír futuro. Para recoñecer o compromiso de vida de homes e mulleres deste país que non son equidistantes, que se comprometen coa liberdade, a igualdade e a xustiza social, aínda sendo conscientes de que moitas veces iso lles pode ocasionar un problema no seu día a día. Se premiamos, por exemplo, a Ana Pardo de Vera, a Ánxela Loureiro, a Pilar Tellado, non é para que nos vexan ben. É porque compartimos con elas unha visión do mundo.

— **Que resposta ten entre a mocidade? As xeracións que non viviron o franquismo, que ven o 10 de marzo como historia antiga...**

Esa é a nosa batalla. Que os nosos mozos e mozas coñezan a historia do país onde viven, que se sintan orgullosos do papel que xogaron os seus avós e avoas para traer a liberdade e que eles puideran ter un futuro mellor. Por iso premiamos a persoas como Samuel Koufie, por iso falamos de precariedade, de vivenda, de servizos públicos. O 10 de marzo de 1972 foi pola dignidade e defensa dos dereitos. Cincuenta e catro anos despois seguimos loitando polas mesmas causas. Se un mozo de 20 anos entende iso, entende CCOO.

— **Se tiveses que escoller un só discurso de entrega, cal recordarías?**

O de Ánxela Loureiro en 2025. Dixo algo que me es-

tremeceu: «Tecemos a igualdade todos os días, con cada palabra, con cada silencio». E logo contou como o seu pai, sindicalista, a collía da man para ir ás manifestacións. Esa imaxe dunha nena de 16 anos en Ferrol, en 1972, é a esencia destes premios. Memoria que se transmite, que se converte en futuro.



Pilar Tellado, Ana Pardo de Vera e Ánxela Loureiro.

— **Que proxectos ten a Fundación para os próximos catro anos?**

Dixitalizar o arquivo completo. Temos miles de fotos, centos de horas de gravacións en casete que se desmagnetizan. Queremos que calquera estudante ou profesional poida acceder a testemuños daqueles anos. E queremos chegar aos centros de ensino. O 10 de marzo debe explicarse nas aulas, non só nas asembleas.

— **Para rematar: se un cidadán común, non afiliado, pregúntache por que debería importarlle os Premios 10 de Marzo, que lle respondes?**

Que os dereitos que ten —a xornada de 40 horas, as vacacións pagadas, a protección por despedimento— non nolas regalou ninguén. Conquistáronse en manifestacións como a de Ferrol, pagadas con sangue e cadea. Os Premios 10 de Marzo son o recordatorio de que a dignidade laboral non é un regalo do mercado. É unha conquista que se defende cada día.